

## **ESCOLAS ABERTAS 2017.**

### **REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO**

A condición de participante no Programa Escolas Abertas, unha vez concedida a praza mediante convocatoria específica da Secretaría Xeral da Emigración, acadarase unha vez que se asuman os compromisos específicos recollidos no RRI (Regulamento de Réxime Interno) do Centro. Este regulamento será entregado para o seu coñecemento na incorporación dos participantes a Residencia. Previamente estará exposto na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración. O descoñecemento do seu articulado non exime do seu cumprimento.

#### **NORMATIVA DE PARTICIPACIÓN E CONVIVENCIA.**

Serán normas de obrigado cumprimento para tódolos beneficiarios participantes do Programa Escolas Abertas:

- Asistir aos diferentes talleres e actividades regradas no programa.
- Cumprir con puntualidade cos horarios establecidos (talleres, comedor, actividades, etc) para o bo funcionamento do centro e do programa, salvo causa xustificada ou de forza maior, nese caso comunicarse co persoal coordinador e directivo responsable.
- Cumprir a normativa relacionada coa mellora da organización das actividades, saídas e outros aspectos establecidos polo equipo directivo e docente ou de calquera membro do persoal autorizado do programa.

#### **DEPENDENCIAS.**

O dereito de utilización de instalacións e servizos por parte dos participantes no Programa Escolas Abertas leva consigo a obriga do adecuado uso dos mesmos. Dos deterioros causados polo seu uso negligente serán responsables as persoas causantes.

- Non se poderá ter plantas ou animais nas dependencias do Centro.
- De acordo coa normativa legal vixente, queda terminantemente prohibido fumar en tódalas dependencias do Centro, así mesmo, ter ou consumir bebidas alcólicas, drogas e outras sustancias tóxicas prexudiciais para a saúde en tódalas dependencias do centro.
- Os participantes no Programa Escolas Abertas deberán ser especialmente coidadosos da limpeza dos espazos residenciais. Para elo, deberá facer o uso debido das papeleiras instaladas por tódalas dependencias.
- Salvo autorización expresa do persoal responsable, ningún participante no Programa Escolas Abertas poderá, modificar, manipular ou cambiar de lugar os diferentes compoñentes da decoración, os elementos dos diferentes servizos ou o mobiliario das dependencias.
- Para o correcto mantemento das instalacións e garantir a seguridade, os participantes no Programa Escolas Abertas deberán comunicar o coordinador ou persoal do Centro, calquera desperfecto, anomalía e deficiencia observada no funcionamento do mesmo.
- Os participantes no Programa Escolas Abertas deberán contribuír activamente ó aforro enerxético e de auga, apagando as luces cando non sexan necesarias, cerrando fiestras e portas, controlando o consumo de auga, etc.
- Todos os participantes deberán respectar as normas de seguridade dentro do recinto no que se refire á circulación de vehículos e aparcamento.

#### **Habitacións.**

- A habitación é o lugar onde se desenvolve a convivencia básica dun grupo de participantes residentes. A distribución debe ser feita polo Director da Residencia e o coordinador/a do programa ao comezo do curso, tendo en conta, basicamente, o lugar de procedencia, sexo e idade, actividade, as propias preferencias dos participantes e a opinión do persoal responsable. Logo de feita a primeira distribución, estudaranse as posibles solicitudes razoadas de cambios.
- Sendo a maioría das habitacións compartidas, debe terse en conta, dunha maneira especial, o respecto aos dereitos dos demais co obxecto de facilita-la convivencia.
- Cadaquén deberá manter a debida orde nas cousas persoais e respectar as dos demais.
- Debe coidarse a limpeza das mesmas, utilizando debidamente e, con este fin, as papeleiras.

- Os/as participantes no Programa Escolas Abertas responsabilizaranse do seu dormitorio e correrán ao seu cargo e conta os desperfectos orixinados por uso negligente.
- Non se permitirá sacar mobiliario, vestiario, menaxe ou calquera outro elemento dos seus lugares de orixe sen previa autorización.
- Na decoración do dormitorio, lugar íntimo e privativo do/a participante no Programa Escolas Abertas, non se permite a pornografía. Ao rematalo programa, non poden quedar restos indelebles (grapas, manchas, desconchegados, etc ) nas paredes, portas e armarios.
- Polas mañás, cada participante no Programa Escolas Abertas deberá deixar ben feita a cama e debidamente recollidas e ordenadas as súas pertenzas para así facilitar a labor do servizo de limpeza.
- Nas habitacións non se deixarán prendas de roupa a secar. Para tal fin existen os secadoiros.
- As habitacións deberán estar dispostas para que o persoal do servizo de limpeza e mantemento, principalmente polas mañás, poida cumprir cos seus respectivos cometidos.
- Fóra do horario de actividades, poderase estar nas habitacións sempre que se respecte o tempo de descanso dos demais.
- A partires das 23,30h deberá gardarse absoluto silencio e permanecer cada quen na súa habitación. Durante o día os aparatos de música, e os ruídos, non deberán causar molestia algunha.
- Non está permitido pernoctar en habitacións alleas.
- Ninguén debe permanecer nas habitacións despois da hora de erguerse, agás os participantes que non poidan facelo por sentirse enfermos/as, feito do que deberá darse parte inmediato á persoa coordinadora para poñelo en coñecemento do médico e resolver o que proceda.
- Ninguén, agás o coordinador ou persoal do C.R.D. autorizado para elo, poderá entrar nas habitacións, salvo casos debidamente xustificados e previa autorización expresa dos responsables do Centro.
- Por motivos debidamente xustificados e con carácter excepcional o/a participante participante no Programa Escolas Abertas deberá indicar e/ou mostrar cales son as súas pertenzas ao persoal do Centro ou coordinador que llo solicite.
- Nas habitacións non e conveniente ter obxectos de valor nin diñeiro. O Centro non se responsabiliza destes nin dos aparellos electrónicos de cada quen.
- Non está permitido o uso de electrodomésticos como neveras, microondas, infernillos, calefactores, televisión, etc.

### **Salas Comúns.**

Enténdense por salas comúns os lugares de reunión utilizadas principalmente por iniciativa do persoal de residencias ou do programa para postas en común, conversa, etc.

- Deben manterse limpas, coidando e respectando a orde debida do seu mobiliario.
- O incumprimento da prohibición xeral de fumar, tanto nestas coma noutras salas de uso común, considerarase conduta contraria ás normas de convivencia.

### **Salas de televisión.**

Estas salas, son lugares para ver a televisión en exclusivo.

- Nelas deberá gardarse a orde e compostura necesarias. Deberá coidarse de que o volume do televisor non moleste ós posibles usuarios das salas próximas.
- Só se poderá vela televisión no tempo permitido polo horario establecido polo coordinador do programa.
- Para ver algún programa fóra do horario establecido precisarase de autorización expresa do coordinador responsable.

### **Aula de informática.**

Normas para o uso e utilización dos ordenadores:

- Os equipos deberanse usar preferentemente para realizar traballos da especialidade.
- Non está permitido modificar, eliminar ou borrar arquivos do sistema nin instalar ou desinstalar programas que cambien a configuración do ordenador.
- Non está permitido entrar nas páxinas que poidan atentar contra o bo gusto, a ética ou a moral das persoas.

### **Lavandería.**

- En relación á lavandería, todo o alumnado está obrigado a entregar a roupa sucia das camas de acordo cos días e horarios establecidos a tal efecto. O alumnado dispón de salas para lavar e tender roupa persoal no 1ª e 2ª andar da Residencia Monterrei e outra na 1ª planta da Residencia Ribeiro.
- No CRD hai espazos apropiados nos que únicamente se poderá lavar.
- O secado das prendas lavadas poderá facerse colgando as prendas nos lugares destinados para elo no CRD .
- Os produtos necesarios para o uso da lavandería do alumnado correrán a cargo do participante no Programa Escolas Abertas que a utilice.

### **Lencería.**

- O servizo de lencería estará atendido polo persoal adscrito a tal servizo.
- O cambio de roupa de camas farase, de maneira ordinaria, cada quince días e, excepcionalmente, cando o participante no Programa Escolas Abertas o precise.
- O día e a hora do cambio de roupa, ordinariamente será fixado polo/a Xefe/a Residencias.
- Os participantes no Programa Escolas Abertas retirarán e entregarán, persoalmente, o material de lencería que usen ó persoal responsable deste servizo que comprobará o seu estado, dando conta dos deterioros observados ao Director/a para que adopte as medidas que coide procedentes.

### **Comedores.**

- As quendas e horario das diferentes comidas será establecido ao comezo do programa en función do horario de talleres dos participantes no Programa Escolas Abertas, do número de usuarios de tal servizo e da capacidade dos locais e mesmo do persoal de cociña.
- Aqueles participantes no Programa Escolas Abertas que non poidan estar no centro á hora da cea, deberán comunicalo con antelación ao coordinador antes das 18h:00 do día..
- En calquera momento, os usuarios do comedor deberán identificarse se fosen requiridos para elo polos encargados ou vixiantes do mesmo.
- Seguindo as instrucións do persoal de residencia, o alumnado deberá comer na quenda sinalada e gardando a debida orde nas filas que se formarán á entrada por orde de chegada.
- Logo de recoller no autoservizo a bandexa coa comida, buscará un sitio libre nunha mesa para comer nel, gardando a debida compostura e as normas de urbanidade axeitadas.
- Unha vez rematada a comida, deberá levantarse e depositala bandexa na cinta de recollida, respectando a quenda, se houbera mais esperando.
- En todo momento, os/as comensais teñen a obriga de seguir as instrucións que lle puideran dar o persoal encargado da orde do comedor.
- Os/as participantes no Programa Escolas Abertas deberán acudir adecuadamente vestidos e aseados, con prendas axeitadas ó lugar onde se atopan (sen a cabeza cuberta por gorras, sombreiros, velos etc., chanclas, zapatillas, bañadores, etc.).
- Non está permitido sacar utensilios fóra do comedor (pratos, vasos, cubertos etc.).

### **Enfermería.**

- A persoa enferma que teña que ser levada a algún servizo de urxencias será trasladada no medio que se coide mais axeitado ao seu estado, facilitado polo centro ou polo seguro de que se dispoña en cada caso
- Os participantes no Programa Escolas Abertas que teñan dereito a asistencia médica pola Seguridade Social ou calquera outro seguro de asistencia sanitaria deberán utilizar os seus servizos.
- Coa finalidade de reducir riscos e poder prestar unha atención efectiva, tódolos/as participantes no Programa Escolas Abertas deberán chegar, no momento da súa incorporación e en caso de padecer algún tipo de enfermidade ou lesión un certificado médico coa información relevante sobre estas lesións e tratamentos crónicos ou permanentes. O Centro non se responsabiliza, en ningún caso, dos problemas derivados do descoñecemento desta información.

### **SAÍDAS DO CENTRO.**

- Os participantes no Programa Escolas Abertas poderán saír do Centro logo do programa de actividades debendo axustarse á presente normativa.

- Logo dos horarios lectivos e de actividades programadas e contemplados no horario xeral, as persoas participantes poderán permanecer fóra do recinto o tempo que veña contemplado no horario xeral do centro.
- Excepcionalmente, a persoa coordinadora, atendendo as propostas do equipo de profesores, poderá outorgar un pase nocturno, regresando ao CRD antes das 4:00h da mañá.
- Ningún participante no Programa Escolas Abertas poderá entrar á residencia fóra do horario establecido se non é por causa debidamente xustificada e previa autorización expresa do/a coordinador/a do programa que o notificará ao persoal de residencia responsable.
- Considérase agravante o entrar a Residencia por lugares diferentes ás portas ou forzando estas.
- Para poder entrar no Centro fora do horario establecido, os/as participantes no Programa Escolas Abertas deberán avisar persoalmente ao persoal de residencias ou coordinador e deberán amosar o carné sempre que sexa requirido por persoal autorizado .

#### **VISITAS.**

- Ningún participante no Programa Escolas Abertas poderá invitar a entrar nos Colexios Residenciais a persoas alleas ó Centro ou do programa, sen previa e expresa autorización, do/a coordinador/a do programa ou do persoal competente do Centro.
- Os participantes no Programa Escolas Abertas poderán recibir visitas no centro fora do horario de actividades.
- As visitas serán notificadas polo vixiante de servizo na entrada e, se o participante no Programa Escolas Abertas desexa recibila.
- Para que as visitas poidan pasar a outras instalacións do Centro, é imprescindible a autorización expresa do persoal responsable.
- As visitas, non poderán permanecer no Centro logo do horario de silencio.

#### **CONDUTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA.**

Os incumprimentos das normas de convivencia valoraránse considerando a situación.

#### **Son condutas contrarias á convivencia:**

- O incumprimento das normas establecidas no presente RRI.
- As faltas inxustificadas de puntualidade.
- As faltas inxustificadas de asistencia a os talleres e a actividades regradas.
- A negligencia no trato do material, do mobiliario ou instalacións do Centro.
- Os actos de indiciplina, inxuria ou ofensas graves contra os traballadores da residencia, profesores ou participantes do programa.
- Calquera acto inxustificado que perturbe o normal desenvolvemento das actividades do programa.
- O acceso ou saída das distintas dependencias do Centro por lugares distintos ás portas e fora dos horarios establecidos.
- A ausencia do Centro sen a perceptiva comunicación e autorización no seu caso.
- Facilitar o acceso o Centro a persoas alleas non autorizadas.
- A entrada, sen autorización, nas habitacións doutros residentes
- Non respectar o dereito ó descanso dos compañeiros/as.
- O incumprimento da hora de chegada ó Centro no horario establecido.
- Desatender ou ignorar as indicacións do profesorado ou persoal de residencias.
- Pernoctar en habitación distinta da propia sen autorización.

#### **Correccións das condutas prexudiciais para a convivencia e o normal desenvolvemento do programa.**

O/A coordinador/a do programa, logo de ter coñecemento da acción correspondente, adoptará o sistema de corrección privada da conduta a correxir.

#### **Serán consideradas condutas graves para a convivencia e que impiden o normal desenvolvemento do programa.**

- Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do Centro e do programa.
- As actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade das conviccións persoais dos membros do programa, do Centro, ou a incitación as mesmas.
- A reiteración de condutas contrarias as normas de convivencia recollidas neste Regulamento.

- Os danos graves causados por uso indebido ou intencionadamente nos locais, material ou documentos do Centro ou nos bens de outros membros da comunidade.
- Posuír, consumir ou participar no consumo ben activa ou pasivamente, e así mesmo, traficar, dentro do Centro, con calquera cantidade de sustancias estupefacientes ou de efectos análogos.
- O incumprimento das recomendacións impostas polo coordinador da actividade logo dalgún acto de vulneración das normas recollidas neste programa .
- As faltas tipificadas coma Condutas Contrarias as Normas de Convivencia do Centro se concorren as circunstancias de colectividade e/ou publicidade intencionada.
- A cohabitación por parte dos alumnos/as participantes no Programa Escolas Abertas nas habitacións, zonas de dormitorios e demais instalacións do Centro Residencial Docente.
- O uso indebido de teléfonos móbiles e calquera outro medio de comunicación ou de entretemento que atente contra a normal convivencia, a liberdade e a integridade dos membros do Centro.
- A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes o informacións que atenten contra o dereito a honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos membros da comunidade educativa.
- Entrar ou permanecer nun dormitorio alleo, sen permiso do/a participante no Programa Escolas Abertas habitual do mesmo.
- Non informar o equipo directivo, médico ou a Dirección do Centro, segundo sexa pertinente, de datos relevantes persoais, familiares ou de saúde, que poidan derivar en perxuízo para o Centro ou membros do Centro.
- Realizar calquera actividade externa de maneira continuada que impida alcanzar os fins propios do programa, así como o proporcionar aloxamento, a persoas alleas ao mesmo.
- As faltas reiteradas de asistencia ás aulas, talleres ou a actividades regradas no programa.
- A agresión grave física ou moral contra os demais membros do programa ou a discriminación grave por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así coma por minusvalías físicas, sensoriais e psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

### **Correccións das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do Centro e o normal desenvolvemento do programa.**

Non poderán corrixirse as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no Centro ou que interfiran gravemente o normal desenvolvemento do programa sen a previa instrución dun expediente que, trala recollida necesaria de información, acordará o coordinador do programa, ben por propia iniciativa ou ben a proposta de membros do profesorado ou persoal directivo do Centro residencial.

A resolución deste procedemento coresponderalle a Subdirección Xeral da Emigración e das Comunidades Galegas.

No prazo máximo de tres días naturais, contados desde que se tivo coñecemento da conduta merecedora de corrección, o/a coordinador/a do programa notificaralle o participante o inicio do procedemento de corrección.

As medidas a adoptar para a corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro, serán:

- Expulsión inmediata do programa que comportará con efectos inmediatos:
- Alteración das datas dos voos de retorno previstas ao país de orixe para a máis próxima na que houbera plaza.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades docentes ou complementarias do programa.
- Suspensión do dereito de permanencia no Centro residencial.

Os gastos de aloxamento, manutención, desprazamentos, seguro médico ou calqueira outro nos que incorrese o participante que fose expulsado do programa serán exclusivamente pola súa conta.